



PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA CURSO 2020-2021

[Decreto 254/2012, de 13 de decembro](#) , [Orde do 12 de marzo de 2013](#) e ORDE do 25 de xaneiro de 2017

ADMISIÓN

1 ao 17 de febreiro: Reserva de praza no IES de Sar.

Antes do 1 de marzo: Publicación de postos vacantes.

Do 1 ao ~~20~~ de marzo: Presentación de solicitudes de admisión. (Só alumnado novo). Pódese recoller na Secretaría, descargar da web ou facer directamente na aplicación [admissionalumnado](#).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN.

Restablecerase o prazo para a presentación das solicitudes de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, polo tempo que restaba cando se declarou o estado de alarma, de xeito que **se iniciará o día 11 de maio de 2020 e rematará o día 18 do mesmo mes.**

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS

[Vacantes](#) ofertadas para o curso 2020-2021

NOVOS PRAZOS DO PROCEDEMENTO.

De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os demais prazos do procedemento de admisión reduciranse á metade.

Novos prazos do proceso:

- **Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo:** ata o día 26 de maio de 2020.
- **Publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido:** antes do 9 de xuño de 2020.
- Poderanse formular reclamacións contra as listaxes provisionais no prazo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación.
- **Publicación das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido:** ata o 26 de xuño de 2020.
- **Formalización da matrícula en educación infantil e primaria:** do 1 ao 10 xullo de 2020.

O alumnado que xa estea escolarizado no centro non ten que formalizar a matrícula, só terá que facelo o alumnado novo. Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- [Transporte escolar](#) (3 rutas)
- Madrugadores: dende as 07:30 ás 09:00, xestionado polo Concello de Santiago
- Comedor escolar: [xestionado polo Concello de Santiago](#). Horario de 14:00 a 16:30 horas.

PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA ESTE CENTRO:

- [PROXECTO E-DIXGAL](#): libros de texto dixitais para alumnado de 5º e 6º de primaria
- [PROXECTO ABALAR](#): mini ordenadores portátiles para o alumnado de 5º e 6º de primaria
- [CONTRATOS - PROGRAMA \(Refórza-t\)](#): Programa de acompañamento e reforzo para alumnado fora do horario lectivo (3º, 4º, 5º e 6º de E.P)
- [CONTRATOS PROGRAMA \(ARCO\)](#): accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación) co-financiadas polo Fondo Social Europeo.
- CONTRATOS PROGRAMA (CON-VIVE)
- [PLAN PROXECTA \(XOGADE\)](#)
- SECCIÓN BILINGÜES (PLÁSTICA)
- [VOZ NATURA](#): programa de medio ambiente coordinado por "La Voz de Galicia".
- [HORTO ESCOLAR](#): proxecto no que participa todo o alumnado do centro, tanto no coidado como no cultivo.
- [PLAMBE](#): plan de mellora de bibliotecas escolares
- [PROXECTO ELISA](#): estudo lonxitudinal para unha infancia saudable (USC)

NOTA IMPORTANTE

Só se pode presentar **unha única solicitude** no centro no que se solicita praza en 1º lugar. No caso de presentar varias solicitudes en distintos centros non terá validez ningunha delas.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro se presenta solicitude de admisión noutro distinto debe comunicalo ao centro de orixe.

Os formularios de admisión e matrícula pódense descargar da páxina web do centro ou facelo directamente na aplicación admisionalumado da Consellería.



Criterios de baremación e forma de acreditarlos:

- a) Por unha **irmá ou irmán** matriculado no centro: **8 puntos**; polos segundos e seguintes, **2 puntos** por cada un.

No caso de irmás ou irmáns que nacesen dun parto múltiple, outorgaráselle a cada unha/un delas/deles a puntuación prevista para una irmá ou un irmán matriculados no centro, sempre que soliciten o mesmo centro e o domicilio familiar estea na mesma área de influencia do centro.

- b) Por nai, pai, titoras ou titores legais que **traballen no centro**: **3 puntos**.

- c) Por proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais: puntuación **máxima 6 puntos**.

- d) Por **renda percápita** da unidade familiar.

Tendo en conta a declaración da renda do ano 2018, sinalar na solicitude a cantidade que resulte da SUMA da casiña 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) DIVIDIDA entre o número de membros da unidade familiar referido ao día 29 de febreiro de 2020. IPREM 2018: 6454,03€ **Máximo 3 puntos**.

- e) Por condición de **familia numerosa**: **máximo 3 puntos**.

- f) Por condición de **familia monoparental**: **2 puntos**.

- g) Por concorrencia de discapacidade na alumna, no alumno ou nalgún dos seus proxenitores ou irmáns: **máximo 4 puntos**.

- h) Por expediente académico: non é o caso.

- i) **Criterio complementario do centro**: Por ter escollido este centro como centro preferente (primeira opción): **1 punto**.

Letra do sorteo.

Documentación:

A entregar coa solicitude de admisión:

- Fotocopia do DNI do neno/a ou Libro de familia
- Certificación oficial do expediente académico (solicitalo no centro matriculado actualmente)
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio onde conste a custodia (se é o caso) .